

Le este texto e, despois, contesta as preguntas que se formulan sobre el:

**«The Guardian» elixe a praia de Rodas, nas Cíes,
como a mellor do mundo**

A praia de Rodas (nas illas Cíes) pertence aos areais do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Ademais de valorar a súa tranquilidade e a transparencia das súas augas, o rotativo británico non se esquece do marisco e da zona de acampada.

«Unha media lúa perfecta de area suave, pálida, acompañada de pequenas dunas que abrigan unha lagoa tranquila de mar cristalino». Así define a praia de Rodas nas illas Cíes o xornal *The Guardian* nun artigo sobre as dez mellores praias do mundo no que o areal galego ocupa o primeiro posto.

No top 10 das mellores praias do mundo, The Guardian tamén inclúe areais de Colombia, Brasil, Filipinas, Tanzania, India, Australia, Reino Unido ou Escocia.

Porén, ningunha supera a praia de Rodas, que ocupa a primeira posición da lista por méritos propios.

Galicia Hoxe, 19/02/2007 (adaptación)

1 a) Onde está a praia da que fala esta noticia?

.....

b) Di o artigo que esa illa «ocupa a primeira posición da lista». A que lista se refire?

.....

c) Menciona dous deses «méritos» que lle permitiron á praia de Rodas estar no primeiro lugar.

.....

.....

d) Que é *The Guardian*?

.....

2 Inventa unhas siglas para o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

.....

3 Clasifica neste cadro os nexos que se subliñaron no texto:

preposicións	contraccións	conxuncións

4 Completa con *-pt-* ou *-pc-*:

ace.....ar

corru.....ión

o.....ión

conce.....o

eucali.....o

ado.....ión

interru.....or

dece.....ión

5 Escribe catro exemplos de abreviaturas de cada grupo:

- Medidas:

- Puntos cardinais:

6 Risca a palabra incorrecta de cada caixa:

preposicións
de por sen entre sobre
ata agás porque a ante

conxuncións
que ou e pero con
mais nin cando onde

7 Completa estas oracións cos grupos consonánticos que faltan:

- Como oequio pola nosa participación déronnos un libro.
- Tes que acear que esa idea é aurda.
- Levei unha deceión cando vin o resultado da carreira de otáculos.
- Na receión dixéronme que non había ningunha habitación dispoñible.
- Talaron os eucalios que había diante da casa.

8 Escribe as siglas que corresponden

Educación Secundaria Obrigatoria:

Real Academia Galega:

Documento Nacional de Identidade :

- Agora, completa coas abreviaturas correctas:

teléfono:

centímetro:

doutora:

9 Completa estas frases coas preposicións que faltan:

bisté patacas	chamada espera	botas a chuvia
coche carreiras	metros segundo	pan sal

10 Completa estas palabras con -pt-, -pc-, ou b+consonante:

suirector	aome	oervar	suítulo	aurdo
oión	caurar	conceo	deceión	